



Problema761: Ordena de maior a menor acidez as seguintes disolucións acuosas da mesma concentración: acetato de sodio, ácido nítrico e cloruro de potasio. Formula as ecuacións iónicas que xustifican a resposta.

Acetato de sodio: É un sal, dissociámolo en ións:




O  $\text{Na}^+_{(\text{aq})}$  procede dunha base forte NaOH, é o seu ácido conxugado. Se unha base é moi forte o seu ácido conxugado é extremadamente débil, non dará reacción con auga.

O  $\text{Ac}^-_{(\text{aq})}$  procede dun ácido débil HAc, é a súa base conxugada. Se un ácido é débil a súa base conxugada non será extremadamente débil, poderá dar reacción con auga.




O ión acetato dá unha disolución debilmente básica en auga.

Ácido nítrico: É un ácido forte, as súas disolucións diluídas estarán totalmente dissociadas.



O ácido nítrico dá unha disolución fortemente ácida en auga.

Cloruro de potasio: É un sal, dissociámolo en ións:



O  $\text{K}^+_{(\text{aq})}$  procede dunha base forte KOH, é o seu ácido conxugado. Se unha base é moi forte o seu ácido conxugado é extremadamente débil, non dará reacción con auga.

O  $\text{Cl}^-_{(\text{aq})}$  procede dun ácido forte HCl, é a súa base conxugada. Se un ácido é moi forte a súa base conxugada é extremadamente débil, non dará reacción con auga.

O cloruro de potasio dá unha disolución neutra en auga.

**A orde de maior a menor acidez será:  $\text{HNO}_3 > \text{KCl} > \text{NaAc}$**